



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C5/16

Providencia de alcaldía

Asto.: Incoación do procedemento de contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo e conservación das instalacións, equipos e sistemas de protección contra incendios (PCI) en vehículos municipais e edificios dependentes do concello de Bueu

Tendo en conta ás competencias do concello en materia de prevención e extinción de incendios previstas no artigo 25.2.f) da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local das que resultan as correspondentes a protección contra incendios que deben cumprir os edificios dependentes do concello e as súas instalacións para garantir a seguridade das persoas e os seus bens

Considerando que o concello de Bueu celebrou un contrato menor dos servizos de mantemento de extintores nos edificios de titularidade municipal e do sistema de detección de incendios na Galescola coa entidade D. Miguel Pérez Galiñanes "EXTINTORES SALNÉS", con NIF.76819176G e moradía social na Rúa Areal 28-1º Esq. do Concello de Sanxenxo (Pontevedra), adxudicado por resolución de alcaldía de data 4.11.2014.

Tendo en conta que o contrato adxudicouse cunha duración dun ano a contar dende a data da adxudicación e que dito prazo xa rematou, faise necesario prever a contratación de dito servizo para dar cumprimento ao exercizo das competencias sinaladas no parágrafo primeiro desta providencia nos termos previstos na Lei 31/95, de 08.11, de prevención de riscos laborais, no Regulamento de instalación de protección contra incendios 1942/93 modificado polo real decreto 560/2010, de 07.05, polo que se aproba o regulamento de protección contra incendios e no resto da normativa sectorial de aplicación.

Logo do anterior e considerando a necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación do servizo de referencia en base aos antecedentes relacionados nesta providencia, en cumprimento do artigo 22 do Real decreto legislativo 3/2011, iníciase o correspondente procedemento de contratación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, de acordo co seguinte cadro de características, ordenando a emisión dos preceptivos informes de Secretaría e de Intervención municipal, así como a incorporación ao expediente dos trámites seguidos:

**I. OBXECTO DO CONTRATO:**

Ref. S/C/5-16	Órgano xestor: Xunta de goberno Local	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato (área de xestión): Réxime interior (R.A. núm. 582/2015)	
Título: SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU		
CPV: 50413200-5: servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios	CNAE: 80.20: servizos de sistemas de seguridade.	Categoría (anexo II TRLCSP): grupo P, subgrupo 5, categoría 1

**II. PREZO E FORMA DE PAGO**

VALOR ESTIMADO	SIN IVE	IVE (21%)	CON IVE
01 ANO	4000	840	4840
02 ANOS (DUR. CONT.)	8000	1680	9680
04 ANOS (DUR. CONT.+PRÓRROGAS)	16000	3360	19360
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 920.22799.01.			
FINANCIACIÓN: A prestación obxecto da contratación financiarase con cargo aos recursos propios da facenda municipal.			



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

FORMA DE PAGO: único pago anual (cláusula XX)	
FORMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO: En cumprimento dos arts. 302 do TRLCSP e 197 do RGC o sistema empregado para a determinación do prezo o constitúe o prezo unitario de mantemento para cada un dos sistemas e aparatos incluídos no obxecto do contrato que se indica no anexo III (cláusula III)	
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.	CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

### III. DURACIÓN

PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 ANOS	
PREVISIÓN DE PRORROGAS: SI	NÚM. MÁX PRÓRROGAS: 2
DURACIÓN DAS PRORROGAS: Anual	
PRAZO MÁXIMO DURACIÓN INCLUIDAS PRORROGAS: 4 Anos	

### IV. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Aberto cun único criterio a considerar (prezo), nos termos previstos no art. 150.1 do TRLCSP, entendéndose que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpore o prezo máis baixo no seu conxunto	TRAMITACIÓN: Ordinaria
SUXETO A REGULACIÓN HARMONIZADA: Non	VARIANTES/MELLORAS: Non
REVISIÓN PREZOS: Non	

### V. PROPOSICIÓNS

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite
TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal
COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador
ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal ( <a href="http://www.concellodebueu.org">www.concellodebueu.org</a> )
DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección <a href="mailto:contratacion@concellodebueu.org">contratacion@concellodebueu.org</a> , ou <a href="mailto:secretaria@concellodebueu.org">secretaria@concellodebueu.org</a> cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación.
PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.
SUBSTITUCIÓN DA ACREDITACIÓN INICIAL DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS PARA CONTRATAR POR DECLARACIÓN RESPONSABLE: Si (anexo II dos PCAP)

### VI. REQUISITOS DE SOLVENCIA

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA (MEDIO OBRIGATORIO)	SEG. RISCOS PROFESIONAIS
	Medio de acreditación: Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.  Criterio de solvencia: Ter subscrito e en vigor un seguro de indemnización por riscos profesionais polo importe <b>igual ou superior</b> ao valor estimado do contrato.



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

	Doc. xustificativa: A xustificación realizarase mediante a presentación de xustificante da póliza do seguro de indemnización por riscos profesionais subscrito a nome do licitador xunto co correspondente recibo acreditativo do seu pago.		
SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL (Dous medios obrigatorios)	REXISTRO COMO EMPRESA RECARGADORA DE EQUIPOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, INSTALADORA DE APARATOS EQUIPOS SISTEMAS E OS SEUS COMPOÑENTES E COMO EMPRESA MANTENEDORA PARA O MANTEMENTO E REPARACION DOS APARATOS, EQUIPOS E SISTEMAS E OS SEUS COMPOÑENTES EMPREGADOS NA PROTECCIÓN DE INCENDIOS NOS TERMOS ESIXIDOS POLA CONSELLERÍA DE INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA	SERVIZOS ANÁLOGOS	CERTIFICADO DE CLASIFICACIÓN ADMINISTRATIVA
	Medio de acreditación: O establecido no decreto 100/2011 de 19 de maio polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos	Medio de acreditación: Relación dos principais servizos ou traballos realizados que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes.	o empresario poderá acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación no subgrupo de clasificación correspondente ao contrato (ver cláusula I.1/ grupo P, subgrupo 5, categoría 1 do anexo II do RGC)
	Criterio de solvencia: A entidade que conorra deberá estar habilitada na Comunidade Autónoma de Galicia como: -Empresa Recargadora de equipos de extinción de incendios. -Empresa instaladora de aparatos, equipos, sistemas e os seus compoñentes aos que se refire o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios -Empresa Mantedora para o mantemento e reparación de aparatos, equipos, sistemas e os seus compoñentes, empregados na protección contra incendios.	Criterio de solvencia: En dita relación, deberá figurar alomenos, a prestación do servizo obxecto do contrato, cunha <b>duración total non inferior a dous anos, na que alomenos, un ano de execución se atope entre os derradeiros tres anos.</b>	A presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado terá os efectos previstos no art. 83 TRLCSP e 19 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP e deberá acompañarse dunha declaración responsable de que non variaron as circunstancias que nel se acreditan. ( anexo VI)  A presentación do <b>certificado de inscrición no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia</b> , eximirá ao licitador da presentación da documentación relativa á capacidade de obrar, representación, e, no seu caso, habilitación profesional. En este suposto, xunto co certificado de inscrición, deberá aportarse declaración responsable de vixencia dos datos contidos no mesmo.  <b>grupo P subgrupo 5 categoría 1</b>
		Documentación xustificativa: Certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.	



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

**VII. RÉXIME DE GARANTÍAS**

GARANTIA PROVISIONAL: non esixible	GARANTÍA DEFINITIVA: esixible
PRAZO DE GARANTÍA DEFINITIVA: UN (01) ANO	
FORMALIZACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA: Mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSF e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP	
IMPORTE GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación	

**VIII. RESPONSABLE DO CONTRATO**

RESPONSABLE DO CONTRATO: Arquitecto técnico municipal quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma de acordo coas facultades previstas na cláusula XVI dos PCAP.

**IX. EXECUCION DO CONTRATO**

RISCO E VENTURA: A CARGO DO CONTRATISTA
POSIBILIDADE DE MODIFICACION DO CONTRATO: SI (cláusulas I.1, III.1 e XV dos PCAP)
POSIBILIDADE DE SUBCONTRATACIÓN: SI (cláusula XVII.9 dos PCAP)
INTERLOCUTOR DO CONTRATISTA: O contratista deberá designar unha persoa que actuará como interlocutor do contratista co concello de Bueu e que exercerá o control, supervisión e xestión técnica dos traballos obxecto do contrato. (cláusula XVII.5 dos PCAP)

**X. PENALIDADES**

PENALIDADES: Si		
Por Incumprimento leve: penalidade de ata 300€	Por Incumprimento grave: penalidade de 300€ ata 1500 €	Por Incump. moi grave: darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación.

Quedan excluídas do obxecto do contrato que se incoa o mantemento e conservación de bocas de rego como toma de auga instalada en espazos públicos conectada á rede de abastecemento, provista dunha válvula e unha apertura que permite acoplar una manguera para o subministro de auga para usos exclusivamente municipais, toda vez que o mantemento, conservación e reparacións necesarias destas instalacións lle corresponde á empresa concesionaria da xestión do servizo público de captación, distribución e subministración domiciliar de auga potable e recollida, depuración e verquido das residuais, contrato asinado do SERAGUA,S.A. (actualmente AQUALIA) asinado o 15.06.2000, nos termos que resultan dos PCAP e PPT da concesión e, en concreto do disposto na cláusula 19.6 dos mesmos.

Xúntase proposta de pregos reguladores da contratación e de prescricións técnicas e iniciase o procedemento de contratación de referencia mediante o requirimento da fiscalización da intervención e do certificado de existencia de crédito ou documento que o substitúa consonte o esixido polo artigo 109.3 do TRLCSF e a emisión do correspondente informe xurídico da secretaria municipal.

Bueu, 26 de xaneiro de 2016

O alcalde

Félix Juncal Novas